



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 308
22 de maio de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

■ 31026 (10/PPL-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei pola que se regula a publicidade sanitaria e sociosanitaria de centros e actividades na Comunidade Autónoma de Galicia [99871](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

■ Resolución da Presidencia, do 21 de maio de 2018, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas destinadas a facilitar o uso de información financeira e doutros tipos para a prevención, detección, investigación ou axuizamento de determinados delitos e pola que se derroga a Decisión 2000/642/JAI do Consello [COM(2018)213 final] [2018/0105(COD)]{SWD(2018)114final}-{SWD(2018)115final}

-10/UECS-000158 (31157)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiaridade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas destinadas a facilitar o uso de información financeira e doutros tipos para a prevención, detección, investigación ou axuizamento de determinados delitos e pola que se derroga a Decisión 2000/642/JAI do Consello [COM(2018)213final] [2018/0105(COD)]{SWD(2018)114final}-{SWD(2018)115final} [9988*](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Resolución do 19 de abril de 2018, do tribunal designado para vulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten unha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do 24 de xullo de 2017, pola que se dá publicidade a diversos acordos [99867](#)

-10/UECS-000158 (31157)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativo á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas destinadas a facilitar o uso de información financeira e doutros tipos para a prevención, detección, investigación ou axuízamento de determinados delitos e pola que se derroga a Decisión 2000/642/JAI do Consello [COM(2018)213final] [2018/0105(COD)]{SWD(2018)114final}-{SWD(2018)115final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 31157, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de directiva do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen normas destinadas a facilitar o uso de información financeira e doutros tipos para a prevención, detección, investigación ou axuízamento de determinados delitos e pola que se derroga a Decisión 2000/642/JAI do Consello [COM(2018) 213 final] [2018/0105(COD)]{SWD(2018)114final}-{SWD(2018)115final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 19 de abril de 2018, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten unha discapacidade intelectual, convocado por acordo da Mesa do 24 de xullo de 2017, pola que se dá publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 19 de abril de 2018, o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 22 de xaneiro (BOPG número 249, do 30 de xaneiro de 2018), encargado de cualificar o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, convocado por acordo de Mesa do 24 de xullo de 2017 (DOG número 158, do 22 de agosto de 2017), ACORDOU:

Primeiro. Publicar, como anexo a esta resolución, o nome e apelidos da persoa aspirante que superou o proceso selectivo ao resolverse ao seu favor o empate existente entre as puntuacións finais segundo os criterios de desempate recollidos na base 4.2 do acordo do 24 de xullo de 2017, da Mesa do Parlamento, polo que se convoca o proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cuberta por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, con indicación da puntuación obtida e do seu documento nacional de identidade.

De conformidade coa base 4.2 do acordo da convocatoria, a persoa aspirante dispón dun prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* desta resolución para presentar a documentación prevista na citada base.

Segundo. Elevar á Mesa a proposta de nomeamento como funcionario interino do Parlamento de Galicia.

Terceiro. De acordo co disposto na base 3.13 da orde da convocatoria, contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Mesa do Parlamento nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela 18 de maio de 2018
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Presidente do tribunal

ANEXO


Proceso selectivo para a provisión dunha praza de uxier en réxime interino reservada para ser cubertas por persoas que acrediten algunha discapacidade intelectual, convocado por acordo de Mesa do 24 de xullo de 2017 (DOG número 158, do 22 de agosto de 2017):

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
Ledo Vázquez	Elías	45847613 B	100

3.3. Asuntos económicos e contratación

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 21 de maio de 2018, polo que non se constitúe mesa de contratación nos procedementos abertos simplificados con tramitación abreviada regulados na lexislación de contratación do sector público

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, recolle un novo procedemento de contratación aberto simplificado con tramitación abreviada (artigo 159.6).



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727